



**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS
AO CONSELLO ESCOLAR**

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de Setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG. 18/09/2024), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 nai/pai** dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar. A outra persoa representante de pais/nais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- Son electoras todas as nais e pais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 29 de outubro está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións** ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 12:00 horas do día 8 de novembro**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa **candidatura** oficial segundo o **modelo que se facilitará na Secretaría do Centro**. As candidaturas poderán ser presentadas **ata as 12:00 horas do día 11 de novembro**.

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **12 de novembro, ás 12:35 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A **campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 19 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO	
POIO (Pontvedra)	
DATA: 29/10/2024	
Nº ENTRADA —	Nº SAIDA 245/00372



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
ENSINANZA
SECUNDARIA DE POIO



7.- As **votacións** realizaranse **neste IES o día 20 de novembro, de 13:40h a 16:00h**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:30 horas.

8.- Na **papeleta de votación** cada elector/a fará constar un máximo de **2 nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do **D.N.I.** ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Poio, 29 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL E DIRECTORA DO IES,

Asdo.: Patricia Díaz González

